


1967



O MAIO

“Aí vén o maio
de frores cuberto ...
Puxéronse á porta
cantándome os nenos;
i os puchos furados
pra min estendendo,
pedíronme crocas
dos meus castiñeiros.

Pasai, rapaciños,
calados e quedos;
que o que é polo de hoxe
que darvos non teño.
Eu sonvos o probe
do pobo gallego:
pra min non hai maio,
pra min sempre é inverno!”
(...)

Aires da miña terra (1880)

“En Manuel Curros Enríquez, a visión de Galicia adquire, sobre todo, un senso combativo. Curros é un escritor abondoso e proteico, pero só labra a súa verdadeira personalidade literaria cando se sente cidadán do seu país.”


Francisco Fernández del Riego sobre Curros Enríquez
no discurso de entrada na Real Academia Galega (1960)

MANUEL CURROS ENRÍQUEZ

(Celanova, 1851 – A Habana, 1908)

Foi un poeta e xornalista galego, representante destacado do Rexurdimento galego. A súa escrita conta cunha forte reivindicación e compromiso social. Comeza o seu labor xornalístico en Madrid, na *Gaceta de Madrid* e *El Imparcial*, e volve a Galicia en 1877 tras gañar un certame poético na cidade de Ourense cos poemas *Unha boda en Einibó*, *O gueiteiro* e *A Virxen d'o Cristal*. En 1894 emigra a Cuba, onde traballa para varios xornais e inicia xunto a Murguía o que será a Real Academia Galega.

GRANDES ÉXITOS



1880

Aires da miña terra (1880) é unha escolma de poemas pertencentes a diferentes épocas. A posición anticlerical e reivindicativa dalgúns dos seus textos fixo que a obra fose denunciada xunto co seu autor polas autoridades eclesiásticas.

O divino sainete (1888) é unha obra satírica onde novamente volve criticar a Igrexa a través dun longo poema a xeito de parodia da *Divina comedia* de Dante Alighieri. E, da mesma maneira que o vate italiano, Curros emprega o texto para burlarse dos seus inimigos persoais e literarios.



1888

Outras das súas obras son *Cartas del norte* (1875-1876), *Paniagua y Compañía*, *Agencia de sangre* (1877) e *La señorita de aldea* (1878).

